



## **OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO - "ARTABROEMPRENDE V"**

### SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO E DOCENTE

#### PRAZAS CONVOCADAS:

- Un/unha director/a (xornada completa), requisitos:

Idade: Ter 16 ou máis anos de idade e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

Titulación: Titulación universitaria de grao, licenciatura, enxeñeira técnica, diplomatura ou equivalentes.

Requisitos lingüísticos: Estar en posesión do CELGA 4, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes da finalización do prazo de presentación de instancias.

Outros requisitos: Permiso de conducir B.

- Un/unha monitor/a para a especialidade de Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (xornada completa), e un/unha monitor/a para a especialidade de Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización (xornada completa), requisitos:

Ter 16 ou máis anos de idade e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

Deberá reunir os requisitos esixidos ao persoal docente no certificado de profesionalidade correspondente a especialidade formativa a impartir así como o establecido no RD 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade e no artigo 168 do RD 659/2023, de 18 de xullo polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional (titulación ou 4 anos de experiencia).

Estar en posesión do CELGA 4, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes da finalización do prazo de presentación de instancias.

Permiso de conducir B.

- Un/unha titor/a e mestre de ensino básico e formación empresarial (xornada completa), requisitos:

Ter 16 ou máis anos de idade e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

Titulación universitaria de grao, diplomatura, licenciatura ou equivalente relacionadas coa docencia.

Estar en posesión do CELGA 4, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes da finalización do prazo de presentación de instancias.

OS/as candidatos/as seleccionados/as será nomeados/as funcionarios/as interinos/as por programa por un período de 9 meses (previsiblemente a desenvolver dende o próximo 1 de xuño de 2026 ata o 28 de febreiro de 2027).

**O prazo de presentación de instancias será de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.**



Bases reguladoras da convocatoria, lugar e data de exposición das relacións provisionais e definitivas das persoas admitidas e excluídas: <https://sede.concellodemino.gal/sxc/gl/informacion/>

En Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo